

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE XUÑO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de xuño de dous mil vinte e un, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

1. SERVIZO SOCIAIS.- Acórdase a apertura de convocatoria pública, autorización do gasto e aprobación das bases xerais reguladoras de concesión de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de sensibilización social no Concello de Lugo (exercicio económico 2021).

Tamén se acorda a aprobación das bases xerais, autorización do gasto e apertura de convocatoria pública para a adxudicación de subvencións dirixidas ao mantemento de taxi-adaptado destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida recoñecida. (Exercicio 2021).

Así mesmo, acórdase a apertura de convocatoria pública, autorización do gasto e aprobación das bases xerais reguladoras da concesión de subvencións individuais para desprazamento en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida. (Exercicio económico 2021).

Acórdase a aprobación das bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións á asociacións e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido do benestar social. (Exercicio económico 2021).

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

2. INFORMACIÓN E ATENCIÓN Á CIDADANÍA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Acórdase a aprobación das bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións na área de participación e servizos para a veciñanza, ás

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac7206182203877992924.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-6-2021

asociacións de veciñas e veciños sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade na esfera da participación cidadá para o exercicio 2021.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSUS HUMANOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación da subministración de tarxetas cidadas e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2021-C004-000020.

Acórdase a transmisión da titularidade a favor do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, dos terreos municipais afectados polo "proxecto: nova ponte sobre o río Miño en Lugo. tramo: conexión a ponte co viario urbano de Lugo. Glorieta de conexión da estrada N-VI, no seu P.k. 498+800, coa rúa Alfonso X el Sabio.

4. PERSOAL.- Acórdase a modificación comisión valoración concurso Cabos Bombeiros.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

5. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para readaptación e rehabilitación de edificio de vivendas, composto de planta baixa comercial, tres plantas altas e baixo cuberta para catro vivendas, na praza de Campo Castelo, número 7. (Expte. 265/18); para ampliación dunha planta da edificación destinada a restaurante-cafetería, para implantación de uso hotelero en San Cibrao, número 1. (Expte. 2020/Y001/000267); para parcelamento da parcela sita en as cancelas, parroquia de Adai. (Expte. 2021/Y005 /000007); para cambio de uso de 2 oficinas a 2 apartamentos turísticos situados en planta baixa da rúa Río Sil en edificio construído con licencia 1.192/05, sito na rúa Conde, número 48, esquina rúa Río Sil. (Expte 2021/Y001/ 0000031); para reforma de vivenda, sustitución de carpinterías e modificación de ocios no edificio sito na rúa Ameneiro, número 22, piso 1º. (Expte. 2021/Y001/000120); para rehabilitación de vivenda unifamiliar tradicional existente no núcleo rural 59.6 San Fiz, número 21, entorno de Lugo. (Expte. 2021/Y001/000001); para obras de legalización en vivenda unifamiliar existente, na rúa salmón, número 23. (expte. 2020/Y001/0000328) e para parcelamento da parcela sita na rúa dosTransportes, rúa do Vidrio esquina rúa da Industria, parcela 105, do Polígono Industrial do Ceao. (Expte: 2021/Y005/000009).

6. XESTIÓN.- Acórdase a declaración de ruína técnica Calzada das Gándaras, 154. R-172.

Tamén se acorda da declaración de ruína técnica Calzada das Gándaras, 160. R-173.

Do mesmo xeito, acórdase a declaración de ruína técnica Calzada das Gándaras, 162. R-174

Así mesmo, acórdase a declaración de ruína técnica Calzada das Gándaras, 164. R-175.

Tamén se acorda da declaración de ruína técnica rúa San Xillao, 21. r-170.

Fora da orde do día

- Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a dez prazas de Oficial da Policía Local pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (1 incluída na OEP 2018, 6 incluídas na ampliación da OEP 2018 e 3 incluídas na OEP 202).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.